



Resumo da Xunta de Persoal de Lugo Xoves 4 de marzo de 2021

Asisten: **STEG, CIG, CC.OO, FETE-UXT, ANPE e CSIF**

Asiste a xefa territorial e a inspectora xefa.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

Apróbase

2. CEIP De Baamonde

Informan dende a inspección educativa que hai vontade dende a Consellería de que haxa só 1 centro en Begonte . Carmen Areán explícanos como quedaría o centro en base o decreto 140/2006 que sería a de integración no ceip Virxe do Corpiño de Begonte. Algúns docentes van a quedar suprimidos .

Dende o Steg preguntamos si o peche xa é firme respostando que xa se publicou nos medios de comunicación, polo tanto que si. O novo centro pasará a ter 2 ou 3 unidades de infantil e 4 o 5 de unidades de primaria.

A inspectora xefa explícanos que si defende o ensino no rural

3. Prazas CXT no CEIP Sagrado Corazón

A inspectora xefa explica que non saíron as vacantes na provisional , nas anteriores xuntanzas quedaranse en que saírían 2 de primaria e 1 de AL. Revisando dende inspección só van a sacar 1 de primaria e 1 de AL o motivo exposto é que a matrícula no centro decae. Comunicásenos que non van a recolocar o profesorado de infantil en primaria . O proposta dende inspección é que o traslado ao novo centro sexa en setembro.

4. Obras ampliación no IES Sanxillao.

Comenta a xefa territorial que as obras son moi molestas , e que van a durar máis de 3 meses. O propio centro é o que decide como se van a planificar as obras. Na mañá do venres ten reunión a dirección co departamento de hostalaría para que decidan a planificación.

Neste mesmo punto dende o STEG preguntamos polas obras di IES de Foz , neste caso a xefa territorial respóndenos que pidan obras pero que non sabe cando se realizarán e no relativo á eficiencia enerxética que non sabe .
Preguntamos tamén polo ciclo de FP Dual en colaboración con Paradores, comunica a xefa de inspección que dende a consellería van dicir que si a toda a FP dual.

5. Transformación de IES en CIFP

Comenta a inspectora xefa que ningún IES se vai a converter en CIFP

6. Instrucións de Inspección sobre a 6 hora.

A inspectora xefa di que dende inspección non fixeron nada, nin dixeron nada para que modificarán os horarios.

7. Varios

Pregúntaselle á xefa territorial polo sucedido do IES Illa de Sarón: Convocatoria de folga estudiantil do 8M. Dende xefatura comentan que chegan queixas de 3 familias polo contido e por ter cartaces de dita folga nos taboleiros das aulas. Inmediatamente a xefa territorial chama o centro educativo para comunicarlles que teñen que retirar esos planfletos das aulas, só poden estar no taboleiro habilitado para eses fins. Pola tarde aparece un axente da Garda Civil sacando fotos o planfletos.

Exponse o malestar do claustro do centro antes tales feitos.

A xefa territorial marcha deixando de responder a varios temas que estaba pendentes.

Todas as ocos aquí presentes consideramos que non pode ser que cada vez que nos queremos reunir sempre teñen a excusa de ter outras reunións e estar pouco tempo nas nosas reunións.

Coméntase tamén que a praza de orientación do Ceip Illa Verde non vai saír porque a xubilación da titular foi a 22 de decembro e o concurso saíu o 1 de decembro.

Coméntase tamén o caso dun alumno de dito centro que necesita 1 docente con el todo o período lectivo, xa foi feita a valoración do EOE e agora están buscando tamén axuda en Asuntos Sociais.

Dende inspección explícanos que en estes casos problemáticos que soliciten os programas PROA e ARCO

As 12:20 a inspectora xefa marcha aínda que tiñamos máis temas para tratar; a xefa territorial xa marchara antes.

Coméntase tamén que pasa co alumnado de Prácticas da FCT dos ciclos. Quen fai a PCR dese alumnado, cando as empresas consideran que non teñen que asumirlo.

Dende o Steg comentamos que nos parece vergoñento o que pasou na modificación de datos económicos nos centros educativos, quedando o tema para a seguinte xunta de persoal o mesmo que a problemática de Transporte, alumnado que aínda non ten asignadas paradas porque na aplicación non

aparecen. Non se pode entender a excusa de que este servizo pertence a Mobilidade.

A Xunta de Persoal docente de Lugo vén de aprobar a proposta do STEG para o peche das persoas representantes de todas as organizacións sindicais do ensino en protesta polo peche do Ceip de Baamonde e, a petición de CCOO, a situación do transporte educativo no Courel, coa defensa do ensino rural de fondo.

A medida proposta polo STEG foi aprobada na mañá de hoxe mércores cos votos favorábeis de CIG, ANPE, CCOO, Fete-UXT e C-SIF, e farase efectiva o mércores día 10 da semana que vén ás 11 horas da mañá nas dependencias da Xefatura Territorial e respectando todos os protocolos sanitarios da COVID-19.

Non habendo mais asuntos que tratar , pechase a reunión sendo as 13:00 horas